

O ciclón de xaneiro botou algúns destes árbores ao chan. Ao estar sen catalogar e no medio monte tamén poden verse afectados por unha f

BIODIVERSIDADE GALEGA / O ESTADO DO PATRIMONIO NATURAL

A XUNTA SÓ ESTÁ A ATENDER AS NECESIDADES DUNS 120 EXEMPLARES QUE FIGURAN NO CATÁLOGO OFICIAL

Case o 90% das árbores senlleiras de Galicia non contan con protección

Un estudo da USC vén de cifrar nunhas 1.000 as formacións naturais especiais da comunitade. A Coruña e Pontevedra son as que máis aportan

SONIA DAPENA

GALICIA

sonia.dapena@xornaldegalicia.com

Unhas 880 árbores e formacións naturais singulares (carballeiras, piñeais ou alamedas, entre outras) están actualmente en Galicia sen ningún tipo de protección, case o 90% do total dos existentes. O dato tirase dun estudo da Universidade de Santiago de Compostela (USC) que vén de cifrar os exemplares especiais ou curiosos en case un millar, se ben a Xunta tan só está a ocuparse do mantemento dunhas 120, as que aparecen nun rexistro oficial.

Na comunitat galega existe, actualmente, unha recompilación desse tipo de recursos naturais –Catálogo de Árbores e formacións senlleiras de Galicia– que pasan a recibir unha especial atención do Executivo galego.

Na actualidade, son uns 120 exemplares os que contan con coidados, malia que xa dende hai anos sabíase da existencia doutros 480 exemplares senlleiros. Agora, ademais, os datos recabados polos investigadores universitarios duplican o número coñecido ata o momento.



A Carballeira de San Lourenzo, en Santiago, é unha das formacións singulares más recoñecidas

OLALLA LO

Para acadar a distinción de senlleiras, as árbores ou formacións arbóreas teñen que pasar unha importante criba na que se teñen en conta unha ampla suma de parámetros.

Segundo o coordinador do estudo, o profesor Antonio Rigueiro, "mírase que sexa pouco común aquí, mítense o diámetro masal, ea altura da árbore, entre outras cousas".

Das case mil que saíron "dignas de mención", tan só algunas das 30 propostas que fixeron os autores do informe poderían facerse cun oco. "O comité das árbores singulares aceptounas pero teñen que ver se pasará ao catálogo oficial", comenta Rigueiro. Un requisito indispensable para contar coas atencións da Consellería de Medio Rural. "Támen é importante que se coñezan

Estase a preparar un programa para a sinalización de monumentos vexetais

os que quedan fóra", matiza.

Unha vez considerados os máis destacados, cunha selección que teñ por obxectivo "dar a coñecer o noso patrimonio vexetal e pór en marcha mecanismos de protección", segui do Rigueiro, entran nun programa especial de mantemento. "Fanse todos individualizados sobre o estado de conservación, podas sanitarias, e mírase se teñen fungos

FIGUEIRA NA CASA DE ROSALÍA



PADRÓN. Malia haber varios exemplares destacados, o máis coñecido, polo seu gran valor cultural, é a figueira da finca de Rosalía de Castro. Neste caso, considérase que a árbore está asociada a un feito importante, xa que a poeta galega adicoulle un dos seus versos.

OLMOS DOS XARDÍNS DE SAN CARLOS



A CORUÑA. Tras ter recorrido varias veces Galicia, os investigadores concluíron que estes olmos son uns dos exemplares más apreciados da provincia. Na Coruña tamén destacan as palmeiras de Méndez Núñez e varias especies da Alameda de Santiago.

PALMEIRAS NOS XARDÍNS DE VICENTI



PONTEVEDRA. Outra mención especial para formacións vexetais é para as palmeiras e os cedros que se conservan nestes xardíns pontevedreses. O coordinador do proxecto da USC tamén destaca un *liriodendrum* e unha sequoia no parque de Castrelos, en Vigo.